

**memoria do proxecto**

# **viaxe ao país dos ananos**

**grupo chévere**

lugar de cantoña, concello de teo  
oficina: carballeira de san lourenzo 38-39, baixo C  
15705 Santiago de Compostela  
mail: [info@grupochevere.eu](mailto:info@grupochevere.eu) tlf. 981 594996

# índice de contidos

## **1. presentación**

## **2. obxectivos**

## **3. sinopse e argumento**

## **4. equipo técnico e artístico**

## **5. documentación de referencia**

5.1. a ultranoite, traxectoria

5.2. o cabaré, os xéneros  
populares de sala

5.3. o escarnio, a retranca

5.4. celso emilio ferreiro e a súa  
poesía satírica

## **6. elementos de referencia**

6.1. o dispositivo dramatúrxico

6.2. os materiais

6.2.1. os textos

6.2.2. o espazo

6.2.3. o espazo sonoro

6.2.4. o vídeo

## **7. ensaios, plan de traballo**

# 1. presentación

*Viaxe ao País dos Ananos* é o título dun proxecto teatral que recolle, recrea e expande a experiencia de teatro satírico desenvolvida ao longo de vinte anos pola compañía **Chévere** a través da **Ultranoite**, un formato de teatro de variedades creado na Sala Nasa en 1993, que foi quen de aglutinar a tres xeracions de actores e actrices galegas e de interesar a milleiros de espectadores e espectadoras galegas.

Non se trata de facer simplemente unha Ultranoite máis nin tampouco unha antoloxía da Ultranoite. Trátase dun proxecto de mellora da calidade dun formato teatral singular, exitoso e cun importante potencial de desenvolvemento. O resultado será un espectáculo de teatro musical, especialmente adaptado á idiosincrasia do público galego e ao hábitat do sistema teatral galego.

*Viaxe ao País dos Ananos* establece ademais un paralelismo entre a Ultranoite e a obra satírica de **Celso Emilio Ferreiro**, para trasladar o carnificio poético de CEF ao escenario do cabaré contemporáneo. Como se a viaxe de *Gulliver Ferreiro* en realidade non fose á Galicia da emigración, senón á Galicia do futuro. Como se o corrosivo ataque de CEF a eses emigrantes galegos enriquecidos e envilecidos na América dos sesenta en realidade fose un ataque a estes galegos enriquecidos e envilecidos polo abuso dun poder institucionalizado durante os últimos vinte anos, período que foi retratando a Ultranoite a través de números musicais, sketches teatrais e cancións.

## **ultranoite, escarnio, actualidade**

O teatro é unha arte especialmente viva porque é compartida en tempo real por público e creadores, tendo calquera deles a posibilidade de modificar a obra coa súa presenza e intervención.

A Ultranoite é unha maneira de facer teatro que se alimenta desa tensión entre escenario e audiencia, entre ficción e realidade, entre representación e existencia. E que usa como materia prima os refugallos da actualidade.

A Ultranoite é ademais un exercicio constante de humor. Un humor satírico, que vai da parodia ao escarnio a través do gag e o *chascarrillo*. Un humor que é o soporte para achegarse á realidade e á actualidade e que se convirte na canle axeitada para conectar cun público amplo e diverso. Unha proposta teatral para adultos que chega a todos os públicos, coa única pretensión de entreter, divertir e botar unha mirada crítica ao que pasa ao noso arredor.

## **por que facer agora unha produción teatral a partir da Ultranoite?**

**Hai unha razón biográfica** que non debemos pasar por alto, que son os vinte anos cumpridos desde que se puxo en marcha a Ultranoite no ano 1993. Por que se mantén un formato teatral durante tantos anos na carteleira? Por que segue atraendo a tantos milleiros de espectadores? Por que se mantén a súa vitalidade creativa? Este proxecto quere dar unha resposta eficaz a todas estas preguntas e quere tamén ser un premio a vinte anos de resistencia teatral.

**Hai outra razón de contexto:** porque temos que dar respostas especialmente axeitadas ao delicado momento que vive a actividade escénica. Neste momento o máis importante é desenvolver proxectos que teñan viabilidade, por un lado por responsabilidade no investimento de diñeiro público, por outro lado porque nos estamos xogando a nosa propia supervivencia profesional. E a Ultranoite como formato ofrece resultados que avalan a súa viabilidade artística e económica:

-Aglutina un grupo compacto de creadores que coñecen perfectamente os mecanismos do humor, do teatro musical e do tratamento sarcástico da realidade.

-É un formato flexible, ambicioso, facilmente adaptable, áxil e accesible a todos os públicos.

-É unha marca moi coñecida para un público amplo e moi variado, cunha valoración maioritariamente positiva.

-Acada unha asistencia de espectadores numerosa, fiel, estable, cun potencial de crecemento moi grande por canto a Ultranoite ata agora estivo moi restrinxida á comarca de Compostela e o obxectivo é ampliála a toda Galicia.

**E por fin hai unha última razón estratéxica,** que é a necesidade de consolidar a existencia dun grupo amplo de profesionais traballando con regularidade na contorna Chévere, e dar continuidade ao modelo de funcionamento como compañía residente, que vén ofrecendo éxitos evidentes dentro e fóra de Galicia tanto a nivel artístico como profesional. Un modelo de funcionamento que aposta pola colaboración público-privada, e que está avalado polo concello de Teo. O apoio a unha compañía estable privada e profesional por parte dunha administración local como o concello de Teo é un feito que habería que coidar e apoiar porque ofrece interesantes perspectivas de futuro.

## **contribución, innovación, calidade**

A nivel profesional e artístico este é un proxecto para a innovación e mellora da calidade dun produto cultural, co fin de facelo máis competitivo e rendible.

A Ultranoite foi sempre un espectáculo que mantíña un formato e unhas maneiras de actuación estables, pero que mudaba os seus contidos á par dos sucesos da actualidade, ou centrándose en determinados temas monográficos.

No caso da Ultranoite, ao tratarse dun produto escénico xa moi maduro, resulta imprescindible aplicarlle innovacións e melloras que nos permitan capitalizar o seu potencial de crecemento. Estas son as melloras necesarias:

-Ampliación do período de produción a tres meses. Isto implica unha maior dedicación de tempo, esforzos e recursos, unha mellor dispoñibilidade do equipo artístico e a posibilidade de profundizar nos resultados acadados, mellorando os acabados. Se temos en conta que ata agora a produción dunha Ultranoite está limitada a tres semanas, é moi probable que se multiplique por tres a eficiencia artística e o nivel de calidade da produción.

-Ampliación do periodo de exhibición e distribución. Isto é fundamental para mellorar a rendibilidade do produto e a produtividade do traballo investido. Isto vai ter unha implicación directa nos contidos e, sobre todo, no tratamento dos contidos do espectáculo. O obxectivo é acadar un espectáculo que teña uns contidos que perduren no interese do público a medio prazo, de maneira que xa non se vai poder tratar a actualidade máis inmediata, con elementos que a curto prazo quedan invalidados ou esquecidos. Por tanto, outra das melloras vai ser un tratamento máis reflexivo da realidade, aproveitando a oportunidade para botar unha mirada panorámica aos cambios producidos na nosa contorna desde que a Ultranoite empezou a mirar ao seu arredor.

-Ampliación da rede de distribución. Isto implica trascender o espazo da comarca de Compostela ao que estivo restrinxida a exhibición ata agora. As experiencias puntuais de exhibición fóra desta zona nos últimos dous anos (A Coruña, Lugo e Pontevedra, con índices de ocupación do 90% e arredor de 1.500 espectadores en 6 funcións), son un indicador do seu potencial de distribución ao resto de Galicia. Porque a Ultranoite é un formato de espectáculo que vén sendo reclamado desde moitas vilas e cidades da nosa comunidade, e esta será unha boa oportunidade para satisfacer esa demanda.



# 2. obxectivos

## obxectivo xeral

Crear un espectáculo teatral que integre a música ao vivo, que implique a un grupo numeroso de creadores e que teña capacidade de interesar a un público amplo e variado tratando con humor os temas do presente.

## obxectivos específicos

- Mellorar a calidade dun formato que ten demostrado un gran potencial de desenvolvemento e crecemento.
- Mellorar unha metodoloxía artística e de produción propia.
- Ampliar a toda Galicia a rede de distribución aberta previamente pola Ultranoite.
- Achegar ao público galego espectáculos de calidade e gran formato, enriquecendo a carteleira.
- Incorporar o estímulo das creacións poéticas de autores galegos de referencia á contorna escénica.
- Contribuír á construción dunha dramaturxia galega contemporánea.
- Incrementar a demanda de contratación de actores e actrices galegas.
- Promover unha maior estabilidade laboral de actores e actrices galegas.
- Dinamizar culturalmente un entorno local.
- Mobilizar públicos cara á periferia, ampliando as marxes do círculo cultural.

# 3. sinopse e argumento

*Viaxe ao País dos Ananos* é a historia dunha trupe de cómicos que leva toda a vida encaramada ao escenario dun teatro de variedades cantando e parodiando os acontecementos da actualiade, e xa non sabe distinguir moi ben que cousas son reais e cales inventadas. Que feitos forman parte da realidade e cales son parte do espectáculo. Que hai de verdade no que cantan e que hai de mentira no que sucede no mundo.

É o relato das aventuras dun grupo de cómicos que, como Gulliver Ferreiro, chegan a un país habitado por ananos e son expulsados e perseguidos. É unha denuncia da cativez moral e política de certos sectores desa sociedade liliputiense que non pode ver máis alá do seu propio nariz. É unha festa satírica. É un alamaque teatral das últimas décadas.

# 4. equipo técnico e artístico

## **Elenco**

Patricia de Lorenzo,  
Miguel de Lira,  
Manuel Cortés,  
Mónica García,  
Arantza Villar,  
Xron,

## **Músicos ao vivo**

Xacobe Martínez Antelo  
Max Gómez  
Manuel Cebrián

**Dirección e dramaturxia:** Xron

**Espazo escénico:** Chévere, Carlos Alonso

**Atrezzo, vestuario:** Carlos Alonso

**Música:** Xacobe Martínez Antelo

**Coreografías:** Mónica García

**Iluminación:** Fidel Vázquez

**Son:** Xurxo Pinheiro

**Gravación, edición audiovisual:** Cuco Pino

**Maquillaxe:** Fanny Bello

**Construción escenografía:** Enrique Martínez

**Producción executiva:** Patricia de Lorenzo, Xron

**Comunicación:** Xana García

**Deseño gráfico:** Fausto Isorna

**Deseño web:** A Navalla Suiza

**Márqueting online/social media:** Redenasa.tv

# 5. documentación de referencia

## 5.1. a ultranoite, traxectoria

A primeira Ultranoite presentouse ao público o último sábado do mes de xaneiro de 1993 na Sala Nasa, en Santiago de Compostela. Foi unha proposta que xurdiu do grupo Chévere, integrado entón por Miguel de Lira, Xesús Ron, Fran Pérez (Narf), Pepe Sendón, Blanca Cendán, Mónica García, Cláudia Campos, Manuel Cortés e Xabier Olite.

Chévere ampliou a súa convocatoria a outros grupos e artistas que naquela altura estaban traballando en bares e clubs con pezas de pequeno formato, gamberras e divertidas. Xente como Manuel Manquiña e Juanillo Esteban, que xa estaban colaborando; Victor Mosqueira e Evaristo Calvo, que xusto se presentaron como Mofa e Befá na Sala Nasa no prólogo doutro espectáculo de cabaré titulado Fisterra Broadway, protagonizado por María Pujalte e María Bouzas, que máis tarde farían outra peza de tono parecido titulada "Amén" coa colaboración dos primeiros músicos da Ultranoite; ou Quico Cadaval, que empezaba coas súas peculiares contadas.

Pouco a pouco, a Ultranoite foise convertindo nunha canteira de talento teatral e nun lugar de encontro e colaboración polo que pasaron xentes de moi diversas procedencias como Luis Tosar, Patricia de Lorenzo, César Goldi, Roberto Vidal Bolaño, Marisa Soto, Marcos Orsi, Xosé M. Olveira Pico, Carlos Blanco, Luis Castro Zahera, Pilar Pereira, Paula Carballeira, Chiqui Pereira, Xulio Abonjo, Federico Pérez,

Mago Romarís, Ramón Bermejo, Ángeles Iago, Teresa Gradín, Xosé Vaamonde, Marta Pazos, Iria Pinheiro, Arantza Villar, Antón Coucheiro, Marcos Ptt Carballido, Borja Fernández, Pablo Reboleiro, Gabriela Sacahuntos, Arturo Nono, Rakeliña..., ata superar os 200 artistas de todo pelaxe e condición. Tamén se incorporou xente non profesional, pero que atopou na Ultranoite un espazo sen prexuízos onde expresar as súas preocupacións, habilidades ou disparates, unha característica que se mantivo durante moitos anos.

A Ultranoite naceu para reivindicar os xéneros máis populares e toscos do teatro de sala, aqueles que naceron a partir do século XIX para parodiar os feitos máis comentados da actualidade e que se constituían moitas veces como disparates cómicos. Foi un intento de crear unha versión galega do Kabarett alemán, do music hall inglés, do vodevil norteamericano, do cabaret parisino, da revista española. De incorporar á escena galega un xeito propio de facer teatro de taberna con nocturnidade e alevosía.

A Ultranoite chegou para crear un subxénero propio, un teatro de variedades con contidos políticos e sociais, unha visión crítica da actualidade, un humor irreverente e retranqueiro e unha posta en escena perralleira, que transformaba calquera obxecto cotián e calquera roupa noutra cousa válida e apta para o espectáculo. Un espectáculo sen medios, pero con moitos recursos.

A Ultranoite fíxose con distintas periodicidades. Empezou sendo un espectáculo dos sábados pola noite, que se presentaba con regularidade unha vez cada mes ou cada dous meses, e que foi evolucionando ata chegar ás sete funcións que se fan na actualidade ao longo de varias fins de semanas consecutivas.

A Ultranoite é un formato, un contedor máis ou menos estable, no que os contidos varían constantemente. Ata o día de hoxe fixéronse máis de 180 representacións dunhas 115 Ultranoites distintas, que foron vistas por máis de 30.000 espectadores en vinte anos.

## **5.2. o cabaré, os xéneros populares de sala**

Os referentes inmediatos do noso proxecto son os xéneros de teatro popular como o cabaré, a revista, o vodevil, as variedades... Todos eses xéneros xurdidos en espazos non especificamente teatrais, nos que o público non se limita a ser pasivo, senón que a súa presenza ten relevancia no desenvolvemento do propio espectáculo.

Pero o noso espectáculo non vai ser un cabaré cheo de plumas, coloretos e rapazas en roupa interior. Pode ser que apareza todo isto, pero é outra cousa, non se limitará a trasladar esa imaxe tópica do cabaré, senón que tratará de recoller ese espírito incendiario, impúdico, incorrecto e esas maneiras directas e espontáneas de comunicarse coa audiencia propias deste tipo de teatro popular que naceu nas tabernas (*cabarets*) das cidades europeas na segunda metade do século XIX.

### **5.3. o escarnio, a retranca**

Un dos referentes do noso proxecto vai ser o humor, non calquera humor, senón ese tipo de humorismo propio de Galicia, a retranca. O humorismo que vai pola sombra.

Como dicía John Rutherford, "Castelao representa na escrita esa retranca que, ó meu modo de ver, sempre foi defensiva. Unha forma de non dicir si nin dicir non á autoridade, xa que ambas respostas poderían traer malas consecuencias. Unha forma de liberarse de compromisos, por se acaso. Todo iso, que desde logo me parece unha postura intelixente, derivou nun estilo de humor peculiar, moi difícil de traducir."

No contexto do noso proxecto a retranca adquire un valor especial, porque historicamente supuxo unha forma de apropiarse dunha palabra allea que definía o carácter galego como algo pexorativo para darlle a volta e convertila en algo propio, positivo e que nos identifica fronte ao alleo. E por suposto, porque foi unha construción colectiva dun signo de identidade que nos define como pobo desde o humorismo.

### **5.4. celso emilio ferreiro e a súa poesía satírica**

Á procura dunha referencia culta para este proxecto, o único autor posible é Celso Emilio Ferreiro. Un poeta civil que vinculou a súa obra co tempo e a sociedade que lle tocou vivir, un exemplo de rigor creativo. E dentro da súa obra atopamos o ciclo de poesía satírica incendiaria que inclúe *A Viaxe ao País dos Ananos*, *Cantigas de escarnio e maldicir*, *Os Autentes* e *Cemiterio privado* e outros textos como *Paco Pixñas* ou *Fóronse á puñeta*.

Deste ciclo usaremos material e referencias sobre todo da *Viaxe ao País dos Ananos* (da que tomamos prestado o título), publicada en 1968, dous anos despois de que Celso Emilio chegase a Venezuela para facerse cargo da Secretaría de Cultura da Hermandad Gallega de Caracas. Farémolo porque nos sentimos moi identificados con todo o que lle aconteceu a CEF durante a súa estada en Venezuela, o acoso, rexeitamento e persecución que sufriu por parte dun grupo de emigrantes "que se servían da súa situación de poder para manipular obscenamente a vida social da comunidade e os destinos da moi numerosa colectividade galega afiliada á Hermandad, dirixentes caciqueiros que acabaron por desfalcar millóns da época durante o tempo que ostentaron a dirección da sociedade." (**Armando requeixo**, *Traxectoria biográfico-literaria de CEF*, Edicións Xerais 2004). Parece a descrición de sucesos moito máis próximos.

CEF dá unha resposta necesaria a esa situación a través do seu traballo poético e creativo. Da mesma maneira, o traballo de Chévere é un axuste de contas teatral cos acontecementos do presente. Ademais, compartimos con CEF o interese e as referencias á obra de **Jonathan Swift**, un dos grandes mestres da literatura satírica.

Por último, adaptaremos a estrutura interna da primeira parte do libro, que divide un mesmo e longo poema en vinte e un capítulos e un limiar, artellados entre sí polo vínculo temático, aínda que tanto por orixe como por constitución teñan unha evidente autonomía. Porque é unha estrutura perfectamente válida para un espectáculo de variedades que utiliza un esqueleto temático para vincular números, sketches e cancións de estrutura e natureza moi dispar.



# 6. elementos de referencia

## 6.1. o dispositivo dramaturxico

A dramaturxia é unha maneira de pensar o espectáculo. Chévere constrúe os seus espectáculos en proceso, neste caso tamén. O espectáculo é o resultado dun proceso de traballo aberto, participativo e colaborativo que implica a todo o equipo e mesmo a outros axentes (profesionais, xestores, público). Os espectáculos de Chévere non parten dun texto escrito a priori. Escríbese para o escenario, para os actores e actrices e en función das características de cada un. Tampouco se usan deseños realizados a priori, porque todos os elementos que integrarán a obra teñen que ir acoplándose, modificándose e apoiándose na evolución do propio traballo en equipo.

Todo o equipo participa da creación do espectáculo. A toma de decisións é responsabilidade de cada área. Hai catro grandes áreas de traballo: creativa, técnica, produción e mediación. E por riba delas, se fose preciso, a última decisión é responsabilidade do equipo de dirección, que pertence á área creativa pero tamén se encarga de coordinar o traballo de todas as demais.

*Viaxe ao País dos Ananos* é sobre todo un proxecto de teatro de variedades e teatro musical.

Por tanto, vaise botar man do extenso repertorio de subxéneros, variantes e estilos do teatro de variedades: o kabarett político de **Kurt Weill** e **Bertolt Brecht**, o can-can, a copla, as varietés, Broadway, o burlesque, o transformismo, o striptease, os cantautores de taberna afrancesados, a épica do rock'n'roll, o stand-up, as performances poéticas, as películas balanianas, a spoken-word, o monólogo impulsivo, a parodia televisiva, a arroutada punk, etc.

A proposta de partida é transformar o que todos coñecemos como Ultranoite nunha especie de *cabaret unplugged*. Non por unha cuestión de tamaños, senón de proximidade. Non porque vaíamos reducir o formato ou a espectacularidade, senón porque queremos achegar o que pasa no escenario á orella de cada espectador. Para que cada escena ou cada canción teñan o tempo que necesitan para seren asimiladas, para que nada pase demasiado rápido, para que a estridencia do volume non oculte o sentido dunha brincadeira.

A idea é reforzar a presenza da *troupe* de cómicos en escena. Como nun concerto de flamenco, colocar a todos os membros da compañía no escenario, á vista do público. E desde esa posición, facer aparecer a festa e participar dela sen que poida parar. Así, calquera dos artistas pode ser parte dun coro, apoiar desde a retagarda a actuación principal, converterse en solista, participar nun dúo, montar un trío...

A construción do espectáculo farase en dous planos simultaneamente. Por un lado, á procura dos relatos, dos contidos, dos temas que se queren usar. Por outro lado, á procura dos formatos e dos estilos de cada canción, de cada música, de cada sketch, de cada monólogo, de cada peza de vídeo.

## **6.2. os materiais**

### **os textos**

Os textos estarán sempre feitos á medida dos actores e actrices e ao servizo dun tono humorístico. Aínda que adoptarán principalmente a forma de diálogos, vaise traballar tamén con monólogos e letras de cancións, sempre interpretadas en directo.

### **obxectivos**

- Crear un guión que sirva de esquelete narrativo
- Crear un banco de diálogos, brincadeiras e gags para reforzar o carácter humorístico
- Deformar e parodiar a realidade
- Crear complicidade cos espectadores

### **os medios humanos**

- Un equipo de guión, integrado por un escritor, o director, unha documentalista e dous especialistas en gags.

### **os medios materiais**

- Vaise contar cun estudio de gravación e edición de audio e con todos os medios necesarios para facer rexistros (micrófonos, aparellos de gravación e reprodución), tanto no local de ensaio como en calquera outro entorno (urbano, natural...)

### **fase de extracción**

- Sesións de *tormenta de ideas* a partir dun repertorio de temas propostos, con participación de todo o equipo artístico.
- Sesións de improvisacións guiadas, para xogar, probar e adaptar o material textual ás capacidades e habilidades de actores e actrices. Tamén para probar outras posibilidades.

### **fase de transformación**

- Elaborar un primeiro guión de textos a partir dos resultados da fase anterior e tendo en conta o formato escollido para os números, cancións e sketches. Este primeiro guión farase entre director e escritor.
- Durante os ensaios, o escritor irá re-elaborando e adaptando os textos iniciais coa colaboración dos actores e actrices, para acabar de matizalos desde a perspectiva e o tono de cada actor ou actriz.

## **o espazo**

O cabaré fúndase sobre un espazo integral, diáfano, que non establece xerarquías claras entre o espazo de actuación e o espazo do público. O importante é o ambiente. Pero somos conscientes de que neste momento non se pode prescindir de ningún tipo de espazo para distribuír un espectáculo e de que a meirande parte dos teatros en Galicia teñen unha disposición ríxida do escenario en relación coa audiencia, razón pola que se vai traballar sobre dúas opcións de espazo:

-Espazos non convencionais. Cando sexa posible, vaise traballar na adaptación escenográfica de toda a sala e non só do escenario. O público vaise colocar en mesas atrezadas co seu mantel e punto de luz, montarase unha barra no interior da sala para dar un servizo de bar e disporanse elementos decorativos puntuais para reforzar este ambiente de clube, tanto no escenario como no resto da sala.

-Espazos teatrais. Cando se trate de espazos á italiana ou auditorios con butacas fixas, os elementos escenográficos de estética cabareteira limitaranse ao escenario: luminosos, biombo, etc.

## **as músicas**

Chévere empezou facendo teatro musical hai vintecinco anos e desde entón ten tocado moitos paus, estilos e maneiras de afrontar a música en escena. Durante todo este tempo, a Ultranoite foi o formato no que descargamos toda a experiencia acumulada, e onde sempre tivemos a posibilidade de seguir colaborando con distintos músicos, sensibilidades e estilos. Traballamos con coros de decenas de persoas, con tríos acústicos, con bandas electrificadas. Usamos a copla, o tango, a zarzuela, a balada pop, o jazz, o soul, a música disco, o punk, o hip-hop, o metal, a canción de autor, a música tradicional galega..., e todas as expresións do musical: desde as cancións de Kurt Weill ata os musicais de Broadway e o cine musical clásico e contemporáneo.

Neste proxecto propoñemos como mellora crear unha banda sonora orixinal na que se integren cancións, música incidental e ambientes sonoros, superando o traballo puntual canción a canción.

De todo este repertorio musical beberemos para elaborar unha banda sonora composta especificamente para este espectáculo, achegándose ao mundo do teatro e do musical desde a cita e a parodia. Trátase de manter o uso de sonoridades, estilos e maneiras recoñecibles para o público ao mesmo tempo que se aposta por crear un repertorio orixinal de músicas e cancións.

Vaise apostar por unha instrumentación acústica e máis variada (guitarras, violín, contrabaixo, acordeón, batería e outras percusións), co fin de recrear un ambiente de clube e para reforzar a presenza das voces e das letras das cancións, que moitas veces serán o vehículo para o relato das historias que conforman a obra.

Para compoñer e interpretar esta bana sonora, contamos con tres músicos solventes e talentosos: **Xacobe Martínez Antelo**, **Max Gómez** e **Manuel Cebrián**. De formación clásica e jazzística, teñen unha dilatada experiencia en bandas de jazz, blues e rock. Ademais, levan catro anos acompañando musicalmente as Ultranoites e participando noutras obras de teatro do grupo Chévere.

Xunto a eles, contamos cun elenco de actores e actrices que poden cantar ao vivo as cancións do espectáculo con total solvencia, como teñen demostrado ao longo do anos: **Patricia de Lorenzo**, **Arantza Villar**, **Manuel Cortés** e **Miguel de Lira**.

## **os vídeos**

Unha parte sempre importante da nosa maneira de interpretar o teatro de variedades é a introdución do vídeo como soporte para outros contidos, para incorporar outros tratamentos humorísticos da realidade, para traballar con códigos de actuación e comunicación propios dos medios audiovisuais.

A través do vídeo introdúcese a parodia e a transformación de formatos televisivos, fílmicos e informativos cos que o público está moi familiarizado. Ademais, estas pezas audiovisuais permiten abrir unha pausa no ritmo do espectáculo sen que este se deteña, e que os actores poden aproveitar para un descanso ou para un cambio de vestiario.

A mellora que propoñemos é facer unha produción audiovisual paralela á obra, atendendo ás especificidades do soporte e da linguaxe audiovisual.

# 7. ensaios, plan de traballo

## xaneiro

- envío dunha memoria de dirección detalla a todo o equipo
- reunión inicial, discusión a partir da memoria enviada
- traballo de mesa, tormenta de ideas, concreción de temas a tratar e sinopse
- desenvolvemento da escaleta, estrutura de números, deseño de guión, identificación de músicas e cancións

## febreiro

- traballo de improvisación cos actores
- desenvolvemento de escaleta
- definición dos números
- composición músicas e cancións
- ensaios por números,
- escrita de textos e diálogos, letras para as cancións
- ensaios das músicas en paralelo,
- confección de vestiario e atrezzo



## **marzo**

- ensaio número por número e ensamblaxe, traballo conxunto de actores e músicos,
- confección de vestiario e probas
- montaxe luces e son
- ensaios xerais
- acabado atrezzado e vestiario

## **estrea**

- venres 14 de marzo

## **do 15 de marzo ao 12 de abril**

- funcións no auditorio do CSC da Ramallosa (Teo)